




Memorias dun neno labrego

Ese libro que deixou en tantísimos lectores un farturento pouso emotivo. Porque a maior parte dos galegos, dunha maneira ou doutra, somos algo Balbinos. Ou fillos, netos, bisnetos, tataranetos de Balbinos... Moradores das aldeas da memoria, ou das leiras de asfalto, que por moito que nos lavemos sempre teremos a alma manchada de terra.

teatro contado ou conto teatralizado

Memoria das **Memorias dun neno labrego** é un espectáculo unipersonal emotivo e divertido que combina a experiencia de Cándido Pazó como autor, actor e director, coa súa recoñecida traxectoria como contador de historias e monologuista.

A estilización formal do teatro e a comunicación directa do monólogo cómico e a xograría da palabra, na senda de Darío Fo, El Brujo, Pepe Rubianes...




música orixinal

Un espectáculo no que cada momento e cada situación ten a súa sonoridade da man dunha proposta musical composta para a ocasión


literatura e tradición oral

Misturando textos da obra de Neira Vilas con materiais da tradición oral e a memoria colectiva, combinando humor e emoción, evocación e anécdota, elaboración e improvisación



videocreación

Un espectáculo de gran atractivo visual, apoiado por un coidado traballo de videocreación que, combinado cunha elaborada iluminación, debuxa unha suxestiva escenografía das emocións



Cándido Pazó

Autor, guionista, director de escena, actor e contador de historias: cómico.

Alguns dos espectáculos escritos ou dirixidos por el: *O Melro Branco* (Premio Xeración Nós 1989) *Commedia, un xogete para Goldoni* (Premio Compostela 93, Premio de la Crítica del País Valenciano 1994 e Premio da A.I.T.A. 1995), *Nano* (Premio María Casares Mellor Adaptación 1999, Premio María Casares Mellor Dirección 1999), *O bululú do linier* (Premio María Casares Mellor Texto Orixinal 2000), *Ñiqui-Ñaque* (Premio Max 2002), *Bicos con Lingua* (Premio María Casares Mellor Texto Orixinal 2004), *García* (Premio María Casares Mellor Texto Orixinal 2005), *Emigrados* (Premio Max 2008) *A piragua* (Premio María Casares Mellor Texto Orixinal 2008), *E ti quen vés sendo?* (nominado Premios Max 2009), *Historias Tricolores, ou de como aqueles animalíños proclamaron a república*

En directo ou en radio e televisión, é asiduo dos locais onde se programan todo tipo de espectáculos orais: historias, contos, humor, monólogos, narración... Presente en numerosos eventos e festivais internacionais de oralidade de Europa e América Latina.

Adaptación e outros textos
Cómico - narrador
Escenografía evestuario
Iluminación
Música orixinal
Videocreación

Construción escenografía
Deseño gráfico
Axudante de dirección
Produción
Dirección escénica adxunta
DIRECCIÓN

Cándido Pazó
Cándido Pazó
Carlos Alonso
Afonso Castro
Manuel Riveiro
Nano Besada Caneda
Ruben Vidal "Zé"
David Fuentes
Alberto Gende
Afonso Castro
Belén Pichel
Avelino González
CÁNDIDO PAZÓ